

CONVOCATORIA / AXENDA

Mañá martes 14 de abril inaugúrase a exposición de pintura de Pilar Pastoriza no Colexio Oficial de Psicoloxía

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2015.- Mañá martes 14 de abril ás 19.30 horas inaugurarase a mostra de pintura da artista e psicóloga colexiada Pilar Pastoriza González na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Nela poderanse contemplar varias obras que se instalarán no interior do Colexio; estes cadros destacan pola utilización de cores vivas e luminosas que pretenden transmitir a intensidade do cadro á persoa observadora. O seu estilo pode cualificarse como figurativo non realista, cunha clara tendencia á abstracción nalgunhas pezas.

Pilar Pastoriza González (Carballo, 1963) comezou a súa produción artística en 2009 e tres anos máis tarde realizou a súa primeira exposición. En novembro de 2014 recibiu o primeiro premio do VII Certame de Pintura “Casa de León” e neste ano outorgóuselle o primeiro premio do I Certame de pintura “Camiño de Santiago, o camiño da arte” (Ferrol).

A mostra permanecerá no Colexio para a súa libre visita desde o 14 ata o 30 de abril en horario de apertura habitual.

Agardamos contar coa súa presenza.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
www.copgalicia.es